

galicia



Presentación do depósito do
arquivo da Real Sociedade
Económica de Amigos
do País de Santiago
no Arquivo de Galicia

9 de xuño de 2016

Día Internacional dos Arquivos

Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago

Con motivo da celebración do Día Internacional dos Arquivos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere facer pública a formalización do depósito do arquivo da Real Sociedade no Arquivo de Galicia para garantía da súa conservación e posta a disposición de investigadores e cidadáns.

O Arquivo de Galicia é o arquivo intermedio e histórico do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia ao que corresponde, entre outras funcións, recibir os documentos dos diferentes órganos da Xunta de Galicia, pero tamén calquera fondo de carácter público ou privado e ámbito galego que, por formar parte do patrimonio documental de Galicia se acorde depositar nel para facilitar a súa conservación e difusión.

A Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago foi creada por Real Cédula de Carlos III do 23 de setembro de 1784, coa finalidade de aplicar as novas ideas e coñecementos científicos derivados da Ilustración. A súa intensa actividade, especialmente a partir do ano 1833, na modernización e impulso da actividade agrícola e gandeira e no fomento da actividade industrial, así como na promoción da música, a arte e a cultura en xeral fai do seu arquivo unha valiosa fonte de información para a historia de Galicia nos séculos XIX e XX.

O fondo histórico depositado abrangue un período cronolóxico entre os anos 1784 e 1986 e está constituído por 177 caixas, 7 libros de actas e 35 carpetas de material gráfico.

Para este acto preparouse unha pequena exposición na que se amosa unha selección de documentos: os seus primeiros estatutos, o primeiro libro de contas, actas, memorias, estudos e informes sobre os avances máis sa-

lientables para a promoción da pesca, a agricultura, a gandería, a industria, o comercio ou as comunicacións, debuxos de profesores e alumnos da Escola de Debuxo, fotografías do profesorado e alumnado da Escola de Música... Con eles quérese ilustrar a organización e principais actividades desenvolvidas pola Sociedade ao longo do tempo.

Fundada por iniciativa dun grupo de personaxes ligados ao cabido da catedral, á Universidade e á burguesía compostelá, a sociedade contará desde o primeiro momento cuns estatutos, inspirados nos doutras sociedades anteriores, especialmente a vasca e a madrileña, que rexerán o seu funcionamento.

A súa primeira sede estivo nos locais prestados polo Concello na casa consistorial. Tras estes inicios, en 1821 instalouse no edificio da Inquisición e nuns locais do convento de San Martiño Pinario, pero os problemas de falta de espazo para desenvolver as súas actividades, sobre todo as das escolas, foron unha constante. En 1834 a Universidade cederá parte do edificio de Fonseca para o establecemento da Academia de Debuxo e as Cátedras de Química e Mecánica. Logrará o seu primeiro asentamento definitivo en 1883, cando, grazas á intervención de Eugenio Montero Ríos, deputado por Santiago, se instale no edificio de San Clemente. Aquí permanecerá ata 1944, ano en que a instalación do Instituto Rosalía de Castro obriga a Sociedade a trasladarse de forma provisional ao Instituto Xelmírez, situado entón en San Caetano, e de forma definitiva, en 1955, á súa sede actual no edificio da Praza de Salvador Parga.

Consecuencia destes sucesivos traslados foi a desaparición de case a totalidade do arquivo da súa etapa inicial, a desenvolvida ata a Guerra da Independencia, momento

no que desaparece practicamente a súa actividade ata o seu restablecemento en 1833. Ademais do seu primeiro libro de contaduría (1784-1789) e algún outro documento de tipo económico, un inventario elaborado polo bibliotecario e arquivista Felipe Gutiérrez de la Peña y Tostado (con información para o período 1784-1880) e un libro rexistro do Arquivo (con información para o período 1784 a 1901) constitúen a memoria máis antiga da institución.

Unha das series máis relevantes e voluminosas do arquivo son os estudos, ditames e informes elaborados para a implantación dos avances na agricultura, gandería, industria etc. e as relacionadas coa promoción da educación. No mesmo ano 1784 créase a escola de fiar ao torno, a de debuxo e a de aritmética e xeometría e algo máis tarde a de trenzaría (1786) e de mantelaría (1788). No século XIX amplíase gradualmente a súa oferta educativa, impartindo ensinanzas agrícolas (cátedras de agricultura, granxa escola, escolas rexionais...), ensinanzas técnicas (Escola de labores, Escola de encaixes a palillo), ensinanzas de artes e oficios (Escola de debuxo, aritmética e xeometría, química e mecánica, Escola de artes e oficios, Escola de modelaxe), ensinanzas mercantís (comercio, taquígrafía), ensino de idiomas modernos (francés, alemán e inglés), ensinanza de adultos (Escola de adultos, Ateneo), e ensinanzas musicais (1877), xermolo do conservatorio de música creado en 1953.

A realización de exposicións e congresos de carácter rexional, nacional e internacional, a organización de numerosas actividades con fins benéficos e culturais ou a publicación de monografías e revistas como instrumento de divulgación completan a visión da intensa actividade desenvolvida por unha institución que pervive ata os nosos días.